

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS-SALA NASA**

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2005

### **REUNIDOS**

Dunha parte D. Néstor Rego Candamil, na súa calidade de Concelleiro de Cultura, en representación do Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Miguel García Martínez, en nome e representación da Nave de Servicios Artísticos-sala NASA, con enderezo en Santiago de Compostela, rúa San Lourenzo 51-53

### **EXPOÑEN**

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluídas nelas a realización de accións de produción, fomento e difusión da cultura e da creación.
2. Que o Concello de Santiago desexa promover unha cultura en proceso, creativa e participativa para que a cidade teña entidade como núcleo de produción artística e non só como receptora de grandes espectáculos culturais, e que desexa mellorar a xestión dos recursos, infraestructuras e valores existentes en Compostela a partir de actuacións coordinadas e complementarias.
3. Que para acadar os citados obxectivos o Concello de Santiago considera prioritario o desenvolvemento de espazos e equipamentos para creadores, con dotación técnica e humana suficiente e capacidade de produción, que impliquen a iniciativas públicas e privadas e nos que converxan-interveñan os diversos axentes culturais: creadores, espectadores, técnicos, formadores, xestores, produtores.
4. Que a sala NASA é un espazo cultural de referencia na cidade de Santiago, que se ten convertido ao longo de doce anos en seña de identidade cultural e referente artístico no contorno compostelán e galego, vinculado sempre a unha compañía de longa traxectoria e gran implantación (Chévere). Que a sala NASA conta ademais con infraestructura material e recursos humanos e técnicos propios de contía e calidade razoable que son accesibles a outros artistas, colectivos e institucións.
5. Que a sala NASA constitúe un soporte apropiado para ofrecer un amplo abano de servizos artísticos, técnicos e profesionais de interese para a cidade, a parte doutras iniciativas que puidesen adoptarse encamiñadas a súa función como equipamento local para creadores e como espazo cultural de referencia.
6. Que, a parte doutras iniciativas encamiñadas a incorporar este espazo ao patrimonio público municipal, o Concello de Santiago e a sala NASA desexan concertar unha serie de programas que implican labores de produción, apoio á creación, promoción de novos valores, difusión de novas linguaxes e canalización de intercambios artísticos, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA:** A sala NASA e o Concello de Santiago acordan que a NASA asuma funcións como equipamento local para creadores e centro cultural de referencia en Santiago de Compostela, realizando durante o ano 2005 os programas concertados que se describen na memoria adxunta.

SEGUNDA: O Concello comprométese a aportar unha cantidade suficiente para garantir o seu funcionamento como Equipamento Local Para Creadores, financiando o 50% do custo dos programas concertados, segundo o orzamento que se achega, cunha aportación total de 48.000 € durante o ano 2005.

TERCEIRA: Tanto na publicidade xenérica da sala NASA como na publicidade puntual dos programas concertados ou en calquera outro material divulgativo, aparecerá o logotipo do Concello de Santiago de Compostela, sendo identificada a súa colaboración baixo a fórmula: "En convenio con". Asimesmo calquera presentación pública das actividades conveniadas deberá contar coa participación de representantes das dúas entidades asinantes deste convenio

CUARTA: A cantidade aportada polo Concello de Santiago será aboada á sala NASA co seguinte programa de pagamentos:

- ? O 25% a partires da sinatura do presente convenio e previa presentación do programa detallado de actividades (xullo 2005).
- ? O 50% ao cumprirse a metade dos programas previstos no presente convenio (setembro 2005).
- ? O 25% restante coincidindo co remate das actividades, previa presentación dunha memoria final, na que se faga constar que se realizaron as actividades previstas, así como as variacións que se puideran ter producido (decembro 2005).

Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

Para que as citadas cantidades sexan aboadas será condición necesaria a presentación, con carácter previo a cada pagamento parcial, da seguinte documentación:

- ? Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- ? Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que está en alta e ao corrente dos pagos.
- ? Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- ? Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- ? Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- ? Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente no que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas de outras administracións públicas, ou ente público ou privado, para o mesmo fin.

Asimesmo, co remate das actividades achegarase declaración asinada na que se detallarán as axudas que para este mesmo fin puidera ter recibido a entidade doutras institucións públicas.

QUINTA: Será responsabilidade da sala NASA a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requeridas polas actividades incluídas neste convenio. A sala NASA será tamén responsable dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzcan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

SEXTA: Este convenio rexerá durante o ano 2005 e poderá ser prorrogado para o ano 2006 por acordo tácito das partes cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior.

SÉTIMA: Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control e seguimento da súa execución e a vixiancia do cumprimento do seu contido.

OITAVA: O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posible controversias someteranse previamente á interpretación conxunta dos

representantes do Concello de Santiago e sala NASA. Caso de non acadar acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento,

POLO CONCELLO DE SANTIAGO

POLA SALA NASA

Néstor Rego Candamil  
Concelleiro de Cultura

Miguel García Martínez